

Descrición	Importe €	Data sinatura
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Rábade	(bianual) 25.500,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Lalín	(bianual) 40.800,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Rianxo	(bianual) 30.600,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e a Mancomunidade de Concellos de Ordes	(bianual) 40.800,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín	(bianual) 25.500,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e a Mancomunidade Terras de Celanova	(bianual) 22.440,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Ames	(bianual) 41.000,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e o Concello do Carballiño	(bianual) 25.500,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Ribeira	(bianual) 35.700,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontearas	(bianual) 23.460,00	3-8-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de pericias médico-psiquiátricas e a formación neste ámbito	30.000,00	12-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Pontevedra	(bianual) 81.600,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Cangas	(bianual) 45.900,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo	(bianual) 89.250,00	3-8-2009
Convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Mancomunidade do Val Miñor	(bianual) 56.100,00	3-8-2009
Terceiro acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde do 20 de decembro de 2001	(bianual) 1.243.216,06	1-7-2009
Terceiro acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde do 20 de decembro de 2001	(bianual) 64.673,61	1-7-2009

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 29 de outubro de 2009 pola que se convoca un curso de formación en hábitos de saúde e deporte: hábitos alimenticios e actividade física.

A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Xunta de Galicia que asume as competen-

cias en materia de benestar, incluíndo as políticas de xuventude, en virtude do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, correspóndelle entre as súas funcións a promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a mocidade.

Concretamente, en relación coa Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, de acordo co Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade, a través do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, correspóndelle organizar cursos de formación complementaria do persoal dos servizos de información xuvenil.

É un dos obxectivos da Unión Europea en materia da xuventude a mellora do acceso dos mozos á sociedade e a súa plena participación nela. Por iso un dos campos é a saúde e o deporte (campo de acción 4).

A estratexia sanitaria da UE (2008-2013) considera unha prioridade de acción a saúde dos mozos, aspecto que confirma unha resolución do consello. A tensión, unha mala alimentación, e a falta de exercicio físico constitúen unha ameaza para a saúde de moitos mozos e mozas. A mala saúde, que impide, á súa vez, a participación activa, pode deberse tamén a factores ambientais e socioeconómicos máis amplos. O deporte, ademais de mellorar a saúde física e o benestar psicolóxico da mocidade, ten unha dimensión educativa e desempeña unha importante función social.

Como consecuencia, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta disposición ten por obxecto aprobar as bases e proceder á convocatoria do curso de hábitos de saúde e deporte: hábitos alimenticios e actividade física.

Artigo 2º.-Obxectivos.

Formar técnicos, profesionais e demais persoas que traballan ou queiran traballar no ámbito da mocidade sobre aspectos básicos da saúde e o deporte desde a óptica dos trastornos alimenticios e coñecer os beneficios dunha alimentación e da actividade física adecuada para a mocidade.

Artigo 3º.-Persoal a quen vai dirixido.

Preferentemente persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, así como universitarios e TASOC interesados na temática.

Artigo 4º.-Criterios de selección.

Preferentemente persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, así como universitarios e TASOC interesados na temática.

Artigo 5º.-Desenvolvemento.

5.1. Duración: 75 horas, equivalente a 3 créditos ECTS.

O curso ten carácter semipresencial, e nel inclúense clases expositivas, estudo de material entregado no curso e exercicios presenciais e a distancia.

Número de edicións: 2.

5.2. Lugar e datas:

A data da primeira sesión presencial terá lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, ás 10.00 horas, vinte días despois de que remate o prazo de solicitude, agás que sexa domingo, caso en que que pasará ao día seguinte.

5.3. Nº de prazos: 25 por edición.

Artigo 6º.-Contidos.

Políticas de promoción de hábitos saudables entre a mocidade.

Trastornos alimenticios propios das sociedades occidentais.

Prevenición dos trastornos de alimentación: da insatisfacción corporal aos trastornos da alimentación na mocidade. Anorexia nerviosa. Bulimia. Obesidade.

Beneficios dunha alimentación adecuada e do exercicio. As dietas. Pautas para unha alimentación saudable.

Beneficios do exercicio físico e do deporte. Pautas adecuadas.

Hábitos do exercicio físico e do deporte.

Hábitos de alimentación na mocidade.

Artigo 7º.-Solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

As solicitudes de admisión ao curso dirixiranse ao Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 8º.-Certificacións de asistencia.

1. Outorgaráselles o correspondente certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade e dedicación no desenvolvemento do curso. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polos alumnos, realizaranse probas obxectivas a distancia e presenciais ao longo de cada módulo.

2. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións dos cursos así como ás xornadas, que poida organizar a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado con temática relacionada coa materia do curso, durante a súa duración. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 15% das horas lectivas programadas, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida e dará lugar á baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

A Consellería de Traballo e Benestar outorgará unha certificación coa cualificación de apto a aquelas persoas que superen todos os módulos.

Artigo 9º.-Modificacións.

A Consellería de Traballo e Benestar poderá suspender o curso se non houbese un mínimo de alumnos, así como modificar o desenvolvemento e os contidos do curso anunciado co fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

Artigo 10º

A asistencia a este curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO

1.- CURSO OU ACTIVIDADE SOLICITADA				
Denominación Curso de formación en hábitos de saúde e deporte: hábitos alimenticios e actividade física				
Resolución da convocatoria		Nº de DOG		Data de publicación
Lugar de realización		Datas		Horario
2.- SOLICITANTE				
Apelidos		Nome		NIF
Enderezo particular: rúa		Nº	Localidade	Provincia
		CP	Telf:	
3.- DATOS ADMINISTRATIVOS				
Clase de persoal (fun.event.inter.lab.fixo lab.temporal, etc.)			Corpo	Grupo/Categoría
NRP		Data de ingreso no corpo		Data de ingreso na Admón.
Posto de traballo: denominación			Nivel	Data de nomeamento
Admón. autonómica/local/universitaria/estatal, etc.		Consellería ou entidade de pertenza		Centro directivo
Enderezo do posto de traballo: rúa, número		Localidade (provincia)	Telefono:	
Telefax		Correo electrónico		
Breve descrición das tarefas do posto de traballo que teñan especial relación co obxecto do curso				
4.- DATOS ACADÉMICOS				
Títulos		Centros	Duración	Data de expedición
Cursos realizados na EGAP ou noutros organismos relacionados coa convocatoria				Data de realización
5.- DECLARACIÓN SOLICITUDE				
- Declaro baixo a miña responsabilidade que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran nesta solicitude. - Solicito tomar parte no curso ou actividade de referencia de2009				
Sinatura				
6.- INFORME DO/A XEFE/A DO CENTRO DIRECTIVO				
Vista a solicitude e o interese para o servizo, emíttese informe				
<input type="checkbox"/> favorable <input type="checkbox"/> desfavorable				
Sobre a asistencia ao curso ou actividade solicitada				
Lugar e data		Sinatura e selo do órgano informante		
Asdo.				

Consellería de Traballo e Benestar
Secretaría Xeral
Santiago de Compostela.

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a que os datos recollidos serán incorporados ao ficheiro do que é responsable a Consellería de Traballo e Benestar, a finalidade do cal é obter unha base de datos para resolver as solicitudes de praza no curso. O titular dos datos consente a comunicación destes a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o previra. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento: Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado no enderezo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Cando o solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o encargado de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro, no caso dos menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes.